

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE OUTUBRO DE 2015

FAVORABLES.-

LIC/843/2008.- INMOBILIARIA PAXONAL, SL .- Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dun edificio de 27 vivendas, 10 oficinas, locais e trasteiros e garaxes na rúa da Estrada – Esquina Travesía da Estrada.

LIC/1432/2015.- RAMÓN MARIÑO PAZ.- Conceder a licenza para a consolidación de lousa de pedra de corpo voado nun inmoible sito na rúa Cruceiro do Gaio, 6.

LIC/831/2013.- JESUS DE LA TORRE LÓEZ.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo e conceder a licenza para a rehabilitación dun edificio sito na Praza de San Roque nº 3.

LIC/2077/2014.- MARIA LUZ AURORA TABOADA MIGUEZ.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma de edificación auxiliar para garaxe sita na rúa Vintecinco de Xullo, 18.

LIC/714/2014.- JUAN ANTONIO MESEJO REY.- Conceder a licenza para realizar obras de rehabilitación dun edificio para uso hoteleiro na rúa Fonte de San Miguel nº 7.

LIC/2080/2014.- ZARA ESPAÑA, S.A.- Conceder licenza de obras para modificación da escaleira e reubicación de montacargas nun local sito na rúa Praza de Galicia, 3 Esc 01 000 0001.

PRÓRROGA.-

LIC/1405/2015.- MARIA CANEDO SANTOS.- Conceder unha prórroga de tres anos para o remate das obras autorizadas pola Xunta de Goberno Local do 26/07/2012, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar Monte da Vila, 40.

RECTIFICAR DE OFICIO.-

LIC/380/2015.- LORENA FERNANDEZ GARCIA.- Rectificar de oficio o primeiro punto da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión de 07 de agosto de 2015, no sentido de aclarar e para facer constar que onde di "... escritura de data 17/06/2014..." debe dicir "... escritura de data 02/07/2015..." ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

LIC/1533/2015.- VICENTE DE LA FUENTE FONTAO.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.500 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1470/2010 relativas ás obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en lugar O Sisto (do), 14.

LIC/867/2015.- SONIA DÍAZ RICO.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.500 euros, para responder dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia de execución das obras autorizadas no expediente LIC/69/2010 relativas ás obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar de A Muiña V5-2 SUNP-5.

LIC/1525/2015.- JUAN JOSÉ POSE VÁZQUEZ.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.500 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1628/2009 relativas á rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en rúa Vite de Abaixo nº 55.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación a título gratuito e libre de cargas e gravames da cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dun edificio de 27 vivendas, 10 oficinas, locais e trasteiros e garaxes na rúa da Estrada - Esquina Travesía da Estrada. (LIC/843/2008). Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de consolidación de lousa de pedra de corpo voado nun inmoible sito na rúa Cruceiro do Gaio, 6. (LIC/1432/2015). Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo e conceder a licenza para a rehabilitación dun edificio sito na Praza de San Roque nº 3. (LIC/831/2013). Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de edificación auxiliar para garaxe sita na rúa Vintecinco de Xullo, 18. (LIC/2077/2014). Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio para uso hoteleiro na rúa Fonte de San Miguel nº 7. (LIC/714/2014). Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de modificación da escaleira e reubicación de montacargas nun local sito na Praza de Galicia, 3 Esc 01 000 0001. (LIC/2080/2014). Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de prórroga de tres anos para o remate das obras autorizadas pola Xunta de Goberno Local do 26/07/2012, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar Monte da Vila, 40. (LIC/1405/2015). Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación de erro detectado no primeiro punto do acordo número 6 da sesión da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 7 de agosto de 2015. (LIC/380/2015). Apróbase a proposta.

10.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas a devolución de fianzas. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a solicitude de pago de xuros da parcela 47 do proxecto de expropiación polígono SUNP-5. A Muíña. Estímase a solicitude presentada a 09 de xuño de 2015, e recoñécese en favor da empresa Deoleo S.A. o dereito a cobrar 14.289,96 € en concepto de xuros pola expropiación.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de inicio de avaliación ambiental da Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 27 (SUNP-27). Piñeiro. Acórdase remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude do inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación do Plan Parcial do SUNP-27 de Piñeiro, promovida por Urban Portfolio Inmobiliario S.L.

13.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á solicitudes de participación no PROGRAMA SANTIAGO SUMA DE INCLUSIÓN SOCIAL. Denégans a concesión de tres axudas, por incumprimento dos artigos 8.5 e 8.12 da Ordenanza reguladora do programa Santiago Suma de Inclusión Social.

14 a 78.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto do lixo, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. no imposto sobre bens inmoibles, na taxa polo saneamento e depuración de augas residuais e na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores e pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbanse as devanditas exencións.

78.- Recoñecemento de obrigas ao abeiro do artigo 19.8 das bases de execución do orzamento. Apróbase a proposta.

79.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.

80.- Corrección de erro detectado no acordo 119 da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 14 de agosto de 2015, titulado "Recoñecementos extraxudiciais de crédito". Apróbase a proposta.

81.- Dar conta do informe de Intervención relativo á necesidade de habilitar crédito por importe de 223.145,57 euros para dar cobertura á certificación número 13 da Obra de urbanización do SUNP-11 (Castiñeiriño). Dáse conta.

83.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do primeiro prazo do convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e Club Arteal Tenis de Mesa para o ano 2015. Apróbase a proposta.

84.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Triatlón Santiago para o ano 2015. Apróbase a proposta.

85.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Baloncesto para o desenvolvemento do II Jamboree de Clubs de Minibásquet Galicia 2015. Apróbase a proposta.

86.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Deportivo Fontiñas para o desenvolvemento dunha proba da Copa Galega de Escalada en Bloque. Apróbase a proposta.

87.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do primeiro prazo do convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Sociedade Deportiva Vilvestro para o ano 2015. Apróbase a proposta.

88.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á nova prórroga da cesión provisional do Estadio de San Lázaro e campo de fútbol de San Lázaro II a favor da S.D. Compostela durante a tempada 2015/2016. Acórdase prorrogar a cesión provisional de uso.

89.- Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta da sinatura do convenio coa Agrupación Deportiva El Correo Gallego para o desenvolvemento da 38ª edición da Carreira Pedestre Popular. Apróbase o modelo de convenio, polo que se lle outorga á Agrupación Deportiva "El Correo Gallego" unha subvención nominativa de 12.000 euros.

90.- Proposta da concelleira delegada Mocidade relativa á aprobación da programación de actividades a realizar durante o periodo comprendido entre outubro e decembro de 2015. Apróbase a programación.

91.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á prórroga do contrato do "Servizo de conservación, reparación e mantemento dos sistemas de seguridade dos centros escolares dependentes do Concello de Santiago". Acórdase a prórroga do contrato á empresa Seguridade A-1 por un ano máis, do 30 de outubro de 2015 ao 29 de outubro de 2016. O reparto de anualidades quedaría como segue:

_Ano 2015: 4.825,26 €, IVE engadido

_Ano 2016: 18.348,66 €, IVE engadido

92.- Dar conta da sinatura de convenios para o ano 2015 entre o Concello de Santiago de Compostela e diversas entidades/asociacións. Dáse conta da sinatura de convenios coas seguintes entidades:

_Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista-TEA, da provincia da Coruña (ASPANAES)

_Fundación Down Compostela

_Asociación de loita contra enfermidades do ril de A Coruña (ALCER)

_Asociación de Caridade de San Vicente de Paul (Voluntarios da Caridade)

93.- Dar conta da proposta do concelleiro delegado de mobilidade relativa ao Pacto Local pola Mobilidade. Apróbase a proposta

URXENCIAS

1.-Apróbase a concesión de axudas do Programa Santiago Suma de inclusión Social.

Apróbase a concesión dun total de 25 axudas para manutención, aloxamento e subministracións básicas, por un importe total de 23.397,71 €